

## EXIGUO TRIBUTO

Consonte este novo século prosegue a súa andadura, máis se agranda e acrecenta a figura de Xosé María Álvarez Cáccamo e máis vasto é o espazo que ela vai ocupando para a nosa historia na estima de toda persoa que se mova no ámbito da creación literaria e artística galega. Correspóndeme a min hoxe o honor de loala un pouco máis con estas palabras, que serán concibidas e impulsadas pola emoción que provoca a nosa relación de íntima amizade e de mutuo afecto que levamos mantendo desde tempos que xa se nos antollan remotos e, certamente, xuvenís. Porén, non quixera que alguén pensase que é unicamente dita relación a que me incita a ponderar a importancia de quen hoxe nos reúne aquí, a que me leva a encomiar os seus méritos movido por unha familiaridade, digamos, privativa e, por conseguinte, subxectiva e parcial. Pola contra: aínda considerando a imposibilidade de evitar o seu influxo, perfectamente natural, o meu propósito é salientar a relevancia de Xosé María Álvarez Cáccamo en termos obxectivos, ecuánimes, aínda que – e aquí confeso a miña impotencia e contradición – non sempre desapaixonados.

Lembro perfectamente o día que nos coñecemos, na miña casa da Gran Vía viguesa, e confeso ter recibido daquela unha impresión francamente grata da súa persoa. Talvez a súa ascendencia estranxeira por parte de nai – os apelidos desta son Cáccamo e Frieben, italiano e austríaco respectivamente – influíran no seu aspecto físico, un tanto cosmopolita, e, en xeral, a orixe familiar, de carácter urbano e intelectual, fora tamén a raíz dunha desenvoltura e vivacidade – dunha franqueza non exenta de cortesía – pouco correntes entón para min nos nosos ámbitos sociais e culturais. Esta maneira de ser atopeina máis tarde no resto da familia e conforme fun entrando en coñecemento do pasado da mesma desde o profesor e escritor Emilio Álvarez Giménez, bisavó do noso Pepe Cáccamo, natural de Puebla de Sanabria e morto no 1911, puiden advertir unha serie de trazos comúns na familia Álvarez, tal como se aprecia nos seus poetas: espírito de solidariedade, presenza do mundo familiar e un gran sentido do humor, cultivado a esgalla, ao que debemos engadir, “unha predisposición conxénita para a música

do verso”. Todo isto é apreciábel – en maior ou menor grao – en Xerardo Álvarez Limeses, Emilio Álvarez Negreira, Xosé María Álvarez Blázquez, Emilio Álvarez Blázquez – o altísimo, requintado autor de “O tempo desancorado”, no que evoca a súa nai, María Blázquez – e nos irmaos de Pepe, Alfonso e Celso, magníficos poetas ( e o primeiro, como é sabido, brillante narrador). E debo nomear agora as irmás, María Elena e Berta, esta última gran pintora, na obra da cal creo advertir certas propiedades atribuíbeis, en parte, á súa orixe familiar. Non puiden coñecer, mais desexo lembrala aquí, a irmá máis vella, de nome María Luísa, coñecida familiarmente por “Colorín”, nada no ano 1948 e falecida no 1970 tras grave doenza.

Con todo e iso, foi o pai –como parece lóxico -, Xosé María Álvarez Blázquez, quen influíu de xeito máis determinante na formación intelectual e afectiva do seu fillo Xosé María. Del herdou este unha infatigábel curiosidade por todo o relacionado coa natureza e as humanidades, o que levou ambos a unha fogosa actividade, a unha dispersión en absoluto anárquica nin superficial, antes ben contrapesada por un impresionante sentido da orde e da pulcritude. De aí que calquera investigador que no futuro se interese e poida acceder á obra de Xosé María Álvarez Cáccamo se vai atopar desde o principio con moito camiño percorrido, con moito texto clasificado, datado e seleccionado, tal como podemos apreciar tamén no extraordinario legado de Xosé María Álvarez Blázquez. Case vinte anos despois do finamento deste, o seu fillo lembraríao con emoción no seu libro “Tempo de pai”, escrito con motivo de lle ter dedicado a Academia o ano das letras 2008.

É moi propio de Pepe unha tendencia un algo obsesiva pola conservación, froito do que el mesmo chama no seu libro “Memoria de poeta” unha “pulsión supersticiosa” con que evitar “un acto punitivo, mutilador”. Así, adoita evitar a destrución dunha carta, dunha fotografía, mesmo duns vellos apuntamentos de gramática. Non moi afastado desta actitude está o coleccionismo, como podemos hoxe advertir na súa magnífica recolleita de cunchas, resultado dunha vella afección pola malacoloxía, se cadra a medida que, en compañía da súa filla Aloia, moi cativa daquela, ía aprendendo a distinguir e a seleccionar as distintas especies do molusco que – en palabras do poeta – “vai edificando desde dentro

o estoxo precioso e utilísimo da súa colosal epiderme arquitectónica”. E é curioso observar como unha das maiores emocións nese ámbito a experimentará cando, segundo confesa, co auxilio do especialista Emilio Rolán, “o *continuum* da miña experiencia infantil relativa a aquela esfera da zooloxía fóiseme presentando razoabelmente ordenado”. Por outra banda, tal alusión á arquitectura lévame tamén a referirme a outra actividade que encheu o tempo do noso poeta e que el chama, modestamente, “lúdica”: a elaboración de maquetas, como as casas unifamiliares construídas para Carlos Casares ou o Museo Galego de Formatos Ínfimos, que contén obras en miniatura de artistas galegos, ou máis posteriormente, as pequenas esculturas (pequenas polo tamaño mais grandes pola súa transcendencia poética), obxectos de singular factura e cativante fantasía, coa que, citando a Carlos L. Bernárdez, o autor “goza coa arte do residuo e coa recomposición irónica”. De todo o cal sería lóxico concluír: velaquí unha persoa paciente. Non sempre. Para que a súa imaxe sexa completa, non faltan instantes nos que se entrega á ira, a unha indignación que non poucas veces pode parecernos desorbitada (que nun poema chamará “volcán de improperios”) mais que, como toda carraxe sá, é breve, se exceptuamos aquela que provén dun feito ignominioso, que entón axe de maneira non tan súpeta, mais si prolongada e constante. E, tendo en conta o amplísimo espazo temporal que lle esixen outras actividades (políticas, culturais etc.) entre as que sobresaie a literaria, tamén parece lóxico que alguén pense que lle arrinca horas ao sono. Craso error. Até para durmir as oito horas regulamentarias atopa tempo o noso Pepe Cáccamo.

Esta maneira de ser, esta dobre índole de persoa dispersa e ordenada, non só obedece a unha curiosidade indefectíbel por todo o que a vida ten de tentador ou enigmático, mais tamén é resultado dunha actitude xenerosa. Eu teño experimentado máis dunha vez tal actitude na miña propia persoa en momentos acedos en virtude da xa referida vinculación de sólida amizade. Eu teño sentido cumprirse en min, por medio do meu amigo Pepe, aqueles versos do noso admirado A. Gamoneda: *Cuando yo caigo sobre una silla/ y mi cabeza roza la muerte/ cuando cojo con mis manos la tiniebla de las cazuelas o cuando contemplo/ los documentos representativos de la tristeza, es/ la amistad quien me sostiene.* E tamén noutras accións e en moitos textos

podemos comprobar este mesmo talante solidario.

Porén, quero agora centrar esta miña intervención na que considero a máis significativa achega á nosa cultura humanística por parte de Xosé María Álvarez Cáccamo: a súa obra poética. Tamén aquí podemos partir dunha dicotomía, pois en toda ela se materializa un impulso que concebemos dirixido a dous mundos opostos: o exterior e o interior. Así, o primeiro libro, "Praia das furnas" (1983), maniféstase a través dunha perspectiva de carácter externo, case diría que narrativo, con abundancia de historias e a presenza de personaxes, mais tamén de elementos naturais, catalogados no seu día por Xavier Seoane; tamén cabe destacar o plano metapoético, recurso que o poeta utiliza con grande eficacia. A este libro, de madurez sorprendente agora que pode ser lido con certa perspectiva e considerando que é opera prima, pertence o célebre poema "Meendinho" que tantas veces escoitamos os poetas vigueses dos 80 nos recitais efectuados entón, aquel que dicía:

*Os ollos de Meendinho  
afiados no fiován dos navíos no horizonte  
esculcaban as loitas da maré  
no cabo das augas.*

*Din que Meendinho traballou o azougue  
e outras alquimias da verdade:  
xofre, salitre, todas as materias  
que proceden do espello.  
E seica tivo tratos co diaño.*

*Alguén lle ensinou que o semblante afogado dos vidros  
garda vermes de luz como palabras.  
Só así quixo comprender que as illas  
son labios perseguidos, inalcanzábel berce.*

*Só o poeta Meendiño desde o fondo das idades  
adiviñou o galope de Pondal na serra brava  
e as fuxidas de Urbano Lugrís nas corredeiras  
ateigadas de cunchas.*

*Só alá abaixo  
os ollos afiados de Meendinho souberon entender  
a longura do mar.*

Este poema, á parte de transmitir un alto poder de suxestión, serve para desmentir a tan cacarexada imputación de vacuidade formalista desa xeración. E, desde un punto de vista formal, lembro que entón me seduciou precisamente por conter uns trazos contrarios ao que ás veces se afirmaba dela, como son a nueza expresiva e, sobre todo, o sobrio e rotundo remate das estrofas. Os mesmos trazos cabe advertir no seguinte libro, “Arquitecturas de cinza”.

A partir de entón, han sucederse libros onde os planos exterior e interior se conxugan en desigual intensidade – isto é, ás veces parece imporse en maior grao o narrativo sobre o lírico “exento” e viceversa – mais onde tamén o material onírico se vai adensando e multiplicándose en infinidade de imaxes visionarias e visións, como as que demandan as terroríficas agresións da cidade contra os seus habitantes, entre outros motivos urbanos, nunha época na que o poeta parece intuír o advenimento dunha profunda crise persoal e deberá vivir a amarga experiencia da morte do pai, a quen dedicará unha dorida elexía, repartida en varios poemas tan feridos como sublimes. Refírome aos libros “Os documentos da sombra” (1986), “Luminoso lugar de abatimento” (1987) –solemnes alexandrinos nos que M. Anxo Fernán-Vello viu a “lenta ferverza dun Adagio” e “Cimo das idades tristes” (1988), onde o autor escribe: “e adiviñas/ que vai estar chovendo en ti un orvallo mesto”.

Porén, todo parecía estar deseñado para que tal orvallo esvaecese. Cando xa agonizaban os anos 80 – canto trafego, canto fervor ficaba atrás para algúns e algunhas e (por que non confesalo) canto alcol inxerido como “lubricante expansivo”, en palabras do poeta! – produciuse un feito de grande transcendencia, o do encontro de Pepe coa súa compañeira actual, Beatriz García-Ramos, Bea, muller senlleira, que será “raíz da vida nova, fundadora do tempo”, instauradores ambos da casa azul, en San Adrián de Cobres, e máis tarde da morada actual no Vilar, concretamente no Quinteiro de Santiago, onde foron criando dous fillos, Pedro e Antón, que no ano 2001 serán protagonistas de “Vilar dos fillos”, un feixe de follas soltas introducidas en caixa de madeira deseñada por Manolo

Figueiras: alí dise que os seus ollos imitan o mar que contemplan desde o quinteiro, aínda que – cousa nunca vista – son “nictálopes”, isto é, parecen ver mellor de noite que de día, como os gatos ou os morcegos. Ou sexa: naceron alí integrados, formando parte da natureza, mesmo da nocturna. E o pai engadiu:

*O mundo  
é redondo: as montañas  
escriben no horizonte  
unha liña crecente  
de lúa imprtedecíbel.  
O mar forma unha esfera  
que roda entre as areas.  
Os vosos ollos baixan  
a boiar, sorprendidos  
da redondez do mundo.*

Con todo, non nos precipitemos: antes, nos anos 90, o poderoso nume de Álvarez Cáccamo atinxirá o seu cénit en dous libros definitivos, dúas obras mestras da nosa lírica contemporánea: “O lume branco” (1991) e “Calendario Perpetuo” (1997), dedicado á filla Aloia. O primeiro, escrito en versículos de singular cadencia, é pura exaltación vital, plenitude, inflamación erótica e telúrica, mentres que no segundo, o presente deixa paso ao pretérito (e, paralelamente, o versículo desembocou en prosa). O poeta devólvenos a súa infancia e os seus ámbitos nunha vasta sucesión de ciclos en aparencia (cronoloxicamente) curtos, mais, na lembranza, perpetuos, pois o tempo “segue alí”. Como ben viu Arturo Casas, trátase dunha “fuxida da historicidade como imposición imparábel de desenvolvemento progresivo, un canto á revivencia perenne e á administración do íntimo, unha protesta contra o espolio dos atributos ucrónicos da infancia.” Non é de estrañar que algún lector ou lectora non teña atopado sentimento de nostalxia en “Calendario perpetuo” pois o autor --voltando a Casas- “vindica as coordenadas enunciativas do momento da rememoración, a irrenunciábel ‘realidade presente de quen escribe’. Nunha palabra – entendo eu – o poeta anulou a distancia sentimental presente-pasado na procura dun rescate do seu mundo infantil, dun rescate obxectivo e, por

tanto, presente, perpetuo.

Tamén é do ano 1997 o libro “A escrita das aves de marzo”, que expresa o seu amor por Bea e onde nace o seu primeiro fillo. Atopámonos aquí ante unha lírica máis exenta de elementos narrativos, fresca, emotiva e, certamente, máis aberta e confidencial. Porén, como xa afirmei antes, o mundo íntimo de Álvarez Cáccamo adoita ter como contrapartida unha aproximación inquisitiva ao ámbito do que entendemos como real e presente, ou ben presente con presión de pasado. E dese pasado, que aínda dura con desconsolo de ferida aberta, como algo real e concreto, non indefinido e confuso como tanta lembranza infantil, emerxe agora o trágico drama familiar do asasinato do avó Darío Álvarez Limeses por obra da morralla fascista no 36. De aí sairá un poema tremendo, “Crónica do espanto”, repleto de versos obsesivos, lacerantes, mordaces, dos que dixo Méndez Ferrín: “Até ‘Crónica do espanto’ ninguén escribira poesía concentrando no discurso tal continxente atrocidade de nomes civís de asasinados(...) fixados para sempre a un fondo de espanto, como se tratar se tratase de bolboretas da morte que o entomólogo Xosé María espetase cun pulso, iso si, xusticeiro na cortiza seca da memoria”. A este poema engadiu o poeta dous máis, que xa foran editados anteriormente, “Prego de cargos”, denuncia da represión exercida sobre o profesorado do Instituto do Meixoeiro, e “De mañá que medo”, expresión da lúgubre noite franquista na época universitaria compostelá, para formar o libro “Os cadernos da ira”( 1999), a que se forxa na noite de pedra e non quere desaparecer. (E a propósito: Pepe Cáccamo é autor de magníficas edicións de “Longa noite de pedra” e “Onde o mundo se chama Celanova”).

Preocupado un día Pepe por sentir esgotado o pasado infantil (fonte de inspiración constante desde os inicios da súa obra) decidiu procurar unha temática –digamos – máis intemporal e xenérica e concibiu un libro composto de poemas independentes que tivesen como asunto conceptos ou entes relativos ao seu entorno, mais tamén á súa experiencia persoal. Ese libro leva o título de “Vocabulario das orixes” (2000), e nel o poeta exhibe un imenso poder de evocación (e non só de definición), sen que, claro é, teña desaparecido, contrariamente ao que el temía, ese pozo sen fondo da nenez.

“Vento de sal” (2008), “A boca da galerna”(2012) (agnóstica e potente diatriba contra o dogma católico e a intolerancia relixiosa) e “Tempo de cristal e sombras”(2014) (onde, entregado a unha nova forma, describe soños) culminan este superficial percorrido pola obra poética De Xosé María Álvarez Cáccamo, obra sobranceira da nosa poesía, dunha riqueza simbólica, imaxinativa e formal portentosa pois é filla do talento en entrega incesante e do continuo asombro que a vida – e sobre todo a galega - lle provoca ou inspira. Un fermosísimo exceso, pois, como di Manuel Outeiriño no prólogo a “Tempo de cristal e sombras”, “a poesía ten sempre un aquel de exceso, así as palabras excedentes de Cáccamo, mesmo cando se escanden e conteñen”. E pido ser desculpado se me excedín en citas, mais o único que pretendín foi a incorporación de voces amigas a esta *laudatio* que xa está atinxindo o seu remate.

Como adoita acontecer nalgúns grandes poetas que se decidiron a cultivar outros xéneros, no caso de Pepe Cáccamo, tamén autor de prosa de ficción, non se produce un abandono da súa actitude de poeta, senón que debemos considerala obra de distinta forma e argumento. Porén, ao cabo, poética, en virtude da linguaxe, sempre a un altísimo nivel, sempre en procura de trazos enxeñosos e suxestivos, tal como apreciamos en obras como “Microtopofanías” e nos contos de “A luz dos desnortados” (que xa queren ser revisitados) ou nas breves pezas teatrais ou mesmo nas pertencentes ao xénero da narrativa infantil e da poesía infantil, que tamén cultivou con graza singular. Finalmente, mesmo a custa de fatigar á receptora ou receptor destas palabras, creo de xustiza referirme a Pepe como antólogo, investigador, crítico penetrante e extraordinario docente cando se trata de descubrir e desurdir as entrañas do poema.

Loor, por tanto, a Xosé María Álvarez Cáccamo: a súa figura medra e medra, o seu poder creativo non parece ter fin, o meu tributo, por máis folios que engadise, sempre sería exíguo.

*Xavier Rodríguez Baixeras*